TEMÁTICA:

O Concello de Pontedeume convoca este concurso de debuxo infantil co fin de involucrar as nenas e nenos na vida da nosa vila e, concretamente nesta primeira edición, no bullir do Mercado Municipal como elemento de referencia e identidade local.

O Concello de Pontedeume fai esta convocatoria no marco da Festa das peras 2015 que na súa primeira edición ten por lema "Punto de encontro no noso Mercado Municipal cas cores, sabores e olores da terra e do mar"

BASES DO CONCURSO:

- Poderán participar no concurso todas as nenas e nenos con idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos. Estableceranse tres categorías: 6-8 anos, 9-11 anos e de 12-14 anos.

- Os traballos serán individuais e non se aceptara máis de un por participante, deberán cumprir as seguintes condicións:

Cumprir coa temática establecida: Cómo ves o mercado municipal?, Qué representa para Pontedeume este espazo?, que se vende no mercado?, quen vai ao mercado?, Son algunhas das respostas que se buscan a través deste concurso.

Estar elaborado polas nenas e nenos de entre 6 e 14 anos.

As persoas participantes teñen liberdade para utilizar a técnica e os materiais de debuxo que desexen: manual, dixital (de forma separada ou mezclada), lápices, ceras, témperas, acuarela, técnica collage, etc

Non se valorara máis unha técnica u outra sino a orixinalidade e a calidade do debuxo en sí.

Os traballos deberán realizarse nunha sola folla color branco e tamaño A4 ou A3 de calquera tipo de textura e/ou gramaxe, no aceptándose debuxos en relevo .

Cada traballo deberá incluír un slogan que favoreza a utilización dunha linguaxe non sexista cara a fomentar o valor da igualdade entre mulleres e homes como vía para acadar unha sociedade mais xusta e igualitaria

- Entrega dos debuxos:

O prazo de presentación vai dende o día 15 de agosto ata ao día 3 de setembro do presente ano, obras presentaranse no rexistro xeral do Excmo. Concello de Pontedeume, sito na rúa Real nº 13 , 15600 Pontedeume (A Coruña).

- Forma de presentación:

Cada debuxo presentarase dentro dun sobre pechado dirixido ao Concurso de debuxo do Concello de Pontedeume "Punto de encontro, Mercado Municipal".

O debuxo ira sen nome e sen dobrar

Un pequeno sobre cos datos identificativos de cada participante: nome, apelidos, enderezo e teléfono,así como la autorización manuscrita dos seus pais ou titores legais para a participación dos seus fillos e fillas no concurso e, a autorización expresa ao Concello de Pontedeume para o tratamento dos datos dos menores, sendo imprescindible que veña asinada polos pais ou titores legais.

O non seguimento do indicado nas presentes bases do concurso poderá supoñer a anulación na participación do mesmo. A participación neste concurso supón a aceptación de todas as bases.

- Xurado

O xurado estará formado por representantes municipais, representantes das e dos traballadores do Mercado Municipal de Pontedeume,e representantes do mundo da pintura.

- Fallo do Concurso

Os traballos estarán expostos a partir do día 3 de setembro no entorno do mercado Municipal en horario de mañá de 10:00 a 14:00 h. o fallo do concurso terá lugar o día 5 de setembro ás 12:00 h nun acto publico neste lugar, realizándose tamén nese acto a entrega dos premios

- Premios

- Unha tablet BLUSENS 7” (Categoria de 6 a 8 anos)

- Dous cursos de debuxo de dous meses de duración (categoria de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos)

- Dereitos de difusión dos debuxos

O Concello de Pontedeume así como os organismos ou asociacións colaboradoras poderán facer uso dos debuxos presentados para difundilos a través de qualquera tipo de medios (paxina Web, periódicos, carteis, pegatinas, etc.). A participación no concurso será a proba da aceptación da posible difusión que se faga.